

CONVENIO DE COLABORACION EMPRESARIAL EN ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL (ART. 25 DA LEI 49/2002, DE 23 DE DECEMBRO, DE RÉXIME FISCAL DAS ENTIDADES SEN FINS LUCRATIVOS E DOS INCENTIVOS FISCAIS AO MECENADO) ENTRE VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U E A FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

Dunha parte a **FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provisto do NIF G-15721640. Constituída o día 27 de decembro de 1999, ante notario. A Fundación está inscrita no rexistro de fundacións de interese galego co número 2000/1.

Está representada neste acto pola súa Directora-Xerente, Ana Isabel Vázquez Reboredo, conforme aos poderes outorgados para o efecto polo Padroado da Fundación o 16 de decembro de 2016, poder escriturado ante notario o día 19 de decembro de 2016, e do artigo 31 dos Estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

E doutra parte, **VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U**, (en adiante Veolia) con domicilio social en Rúa Jose Villar Granjel numero 33, 15890 de Santiago de Compostela (A Coruña), provista do Número de Identificación Fiscal A66141185.

Está representada neste acto por D. Nicolás Esmorís Cendón quen actúa mediante facultades de representación conforme a escritura de outorgamento de poderes, formalizada ante notario, elevada a público o 28 de maio de 2024 e número 1.746 do seu protocolo.

As partes, segundo interveñen, se recoñecen, mutua e reciprocamente, a capacidade legal necesaria e a representación suficiente para formalizar o presente convenio de Colaboración (o “**Convenio**”), e ao efecto

EXPONEN

I.- Que a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** foi constituída o 27 de decembro de 1999, mediante escritura pública, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 2000/1.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

II.- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia ten por obxecto creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición y consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural.

O desenvolvemento do obxecto fundacional poderá realizarse directamente pola fundación, ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

O fomento da colaboración público-privada tamén se previu no II Plan Estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta, concretamente na Acción 3.3.4 Fomento da colaboración pública-privada e do mecenado, cuxa relación co marco estratéxico deriva dos seguintes obxectivos;

- OE2. Consolidar a Cidade da Cultura como rótula do sector cultural galego.
- OO 2.1 Prestar colaboración e soporte a axentes públicos e privados relevantes de Galicia na definición e desenvolvemento das súas iniciativas estratéxicas.

III.- Que en cumprimento dos seus fins fundacionais, a Fundación promove actividades tendentes a *“propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte.”*

Neste sentido, a Fundación procura o fomento da conservación e defensa do medio ambiente, e como tal, realiza actividades culturais, entre outras, que inviten ao contacto coa natureza e o deporte.

En 2026 ten previsto realizar unha nova edición do HOLI GAIÁS; no marco da conmemoración do Día do Medio Ambiente, regresa a VIII edición da carreira popular coa que a Cidade da Cultura festexa a primavera e promove o contacto coa natureza.

De novo, a carreira acollerá a PEQUE HOLI; unha carreira dirixida ao público infantil cun pequeno percorrido de 700 metros, na que os máis pequenos da casa darán a benvida á primavera e participarán na tan coñecida “festa das cores”.

Ambas actividades daranse cita ao longo da mesma mañá, pero con percorridos e tramos de horarios distintos.

Que, en virtude das consideracións anteriores, ambas as dúas partes acordan a firma do presente acordo, de acordo coas cláusulas seguintes;

CLÁUSULAS

Primeira. - Obxecto. Contido e alcance

O presente Convenio ten por obxecto regular os termos e condicións da colaboración de ambas entidades, prestando apoio ás carreiras populares HOLI GAIÁS e PEQUE HOLI, no marco da conmemoración do DÍA DO MEDIO AMBIENTE, para a defensa e conservación do medio ambiente, e fomento do contacto coa natureza e o deporte.

Co fin de alcanzar o devandito obxecto, VEOLIA asume o compromiso de efectuar a achega económica que se indica na cláusula terceira seguinte para a promoción, divulgación, apoio e mecenado ás actividades culturais e de promoción da defensa e conservación do medio ambiente e natureza que programa a Fundación ao longo do ano 2026.

Pola súa banda, a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, se compromete a:

- a) aplicar a achega económica ás actividades e nos termos recollidos nos parágrafos anteriores.
- b) difundir e facer constar, de forma visible, a colaboración prestada por VEOLIA nas comunicacións ou publicacións en que difunda información relativa ás actividades desenvolvidas coa colaboración de VEOLIA, todo iso, nos termos que se indican na cláusula cuarta seguinte.

Segunda. - Duración

O presente Convenio terá unha duración ata o 31 de decembro de 2026 estando expresamente prohibidas as prórrogas expresas ou tácitas. Non obstante o anterior, o convenio retrotraerá os seus efectos ao 01 de xaneiro de 2026.

Terceira. - Aportación económica

A empresa VEOLIA comprométese a entregar a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA unha achega económica en metálico con carácter de **doazón de 4.000,00 euros (CATRO MIL EUROS)**, nun só prazo, a ingresar no ano 2026, na conta bancaria facilitada pola da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Unha vez recibida a referida achega económica, a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA expedirá a favor de VEOLIA unha certificación acreditativa da achega realizada, nos termos do establecido na Lei 49/2002, de 23 de decembro, do Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado e do seu Regulamento de desenvolvemento.

Cuarta.- Difusión da participación do colaborador

En tanto dure o presente convenio de colaboración, a difusión da participación de VEOLIA nas actividades da CIDADE DA CULTURA DE GALICIA levarase a cabo nos seguintes termos:

- A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA comprométese a difundir a participación e colaboración de VEOLIA mediante a inserción da súa marca, denominación social ou logos en cantos rótulos, impresos, catálogos, selos, publicidade e en calquera outra información que se publique ou edite en relación coas actividades desenvolvidas coa colaboración de VEOLIA. A estes efectos, VEOLIA facilitará á FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA o modelo de marca ou logotipo que deba ser difundido e a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA axustarase en todo caso e calquera que sexa o material que no que se insira, o deseño facilitado por VEOLIA.

- A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA comprométese a que sexa mencionada a colaboración en todos os actos de difusión referidos á actividade.

- VEOLIA poderá facer pública a súa participación nas actividades de FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, baixo a denominación de Entidade Colaboradora de FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA.

En todo caso, a participación de VEOLIA no desenvolvemento das actividades da FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA citadas na cláusula primeira, realizarase segundo a dispoñibilidade de cada unha das partes.

Queda expresamente excluída deste convenio a publicidade, ou a difusión de calquera produto ou servizo que poida prestar o Colaborador.

Quinta.- Propiedade intelectual

En ningún caso as cláusulas do presente convenio supoñen a cesión ou transmisión de calquera dereitos de propiedade intelectual ou industrial titularidade de VEOLIA.

O uso non autorizado, ou para un fin distinto ao pactado no presente convenio por parte da FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA de calquera signo distintivo protexido polos dereitos de propiedade intelectual ou industrial ou intelectual de VEOLIA, facultará a esta para instar a resolución do presente Convenio, en cuxo caso, a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA comprométese a restituír a VEOLIA o importe das achegas realizadas e, todo iso, sen prexuízo da correspondente indemnización de danos e prexuízos a que houber lugar.

Sexta. – Comisión de seguimento

Constituirase unha Comisión de seguimento, formada, cando menos, por un representante por cada unha das partes asinantes. Esta comisión asumirá entre outras, as seguintes funcións;

- Impulsar e avaliar o seu cumprimento, definido as actuacións que se consideren precisas para tal finalidade.
- Interpretar, en caso de dúbida, o seu contido.

A comisión reunirse as veces que as partes estimen oportuno, para mellor cumprimento e execución deste acordo, e por iniciativa de calquera delas, convocándose por escrito cunha antelación mínima de 1 semana, agás que se considere de urxencia, en cuxo caso deberá reunirse no prazo de 48 horas.

Sétima.- Causas de resolución

O presente Convenio poderá resolverse por calquera das seguintes causas:

- Por mutuo acordo das partes. As cantidades que haxan de satisfacerse no seu caso, serán as que as partes conxuntamente determinen no acordo de resolución.
- Por incumprimento das obrigas das partes. Cando o Convenio se resolva por causas imputables a calquera das partes, a parte incumpridora haberá de reparar os danos e prexuízos que por tal motivo tiver causado á outra parte.
- Por denuncia das partes poñéndoo en coñecemento da outra, polo menos cun (1) mes de anticipación á data en que desexase deixalo sen efecto.

En todo caso, haberán de ser finalizadas as accións que no seu momento se achen en curso ou esta comprometida a súa realización.

Oitava. - Protección de datos de carácter persoal

1. Tratamento de datos persoais das partes intervinientes no convenio

As partes intervinientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. A lexitimación para o tratamento dos datos seus datos, será a execución do presente convenio.

No caso de que, no ámbito deste convenio, os intervinientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados dos extremos previstos no devandito artigo 13.

2. Deber de confidencialidade das partes intervinientes no convenio

As partes intervinientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaçión de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;

Considerarase información confidencial aquela á que os intervinientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

Os datos dos asinantes do Convenio, así como daqueloutras persoas encargadas do seguimento ou execución do mesmo, serán recolleitos e tratados, respectivamente, por VEOLIA e pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia, cuxos domicilios figuran no encabezado (en diante, as “Partes”) coas seguintes finalidades:

- Realizar unha adecuada xestión da relación contractual coa empresa na que traballa ou da que é representante.
- Manter contacto comercial coa empresa na que traballa ou da que é representante.
- A base legal que lexitima o tratamento dos datos persoais é:
- O interese lexítimo en realizar unha adecuada xestión dos clientes e/o provedores, a través do tratamento de datos de contacto profesionais das persoas que prestan servizos nos mesmos ou que os representan.
- A existencia dunha relación xurídica ou contractual.

Os datos trataranse durante todo o tempo que dure a relación entre as Partes. Finalizada a relación procederase ao bloqueo dos datos durante o período no que poida derivarse calquera tipo de responsabilidade do tratamento ou do contrato. Unha vez finalice o prazo de prescrición legal e expiren ditas responsabilidades, os datos serán eliminados.

Os afectados teñen dereito a acceder, rectificar, suprimir, limitar e opoñerse ao tratamento dos datos, así como a exercer o resto dos dereitos que se recoñecen na normativa vixente en materia de protección de datos, dirixíndose respectivamente ao Responsable do Tratamento que corresponda, na seguinte dirección:

- dpo@veolia.com
- <https://www.xunta.gal/delegados-de-proteccion-de-datos>

Igualmente, poden poñer en coñecemento da Axencia Española de Protección de Datos calquera situación que considere que vulnera os seus dereitos (www.aepd.es) ou autoridade competente en materia de Protección de Datos.

Novena. - Tributos

Na execución do contido do presente convenio, cada parte soportará os tributos que se poidan percibir e sexan do seu cargo segundo a Lei.

Décima. – Natureza

O presente acordo ten a natureza prevista no artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, e que, en

ningún caso, debe considerarse que persegue os fins dos contratos de patrocinio publicitario recollidos no artigo 22 da Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeneral de Publicidade.

Para todos os efectos, a difusión da participación do Colaborador na actividade da Fundación non constituirá unha prestación de servizos.

Décimo primeira.- Xurisdición e competencia

VEOLIA e a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA comprométense a buscar a resolución de calquera conflito ou incidencia que puidese xurdir na interpretación ou execución do presente convenio de xeito amigable.

En caso de que non puidese ser resolto como antecede, o presente Convenio someterase á xurisdición dos Xulgados e Tribunais de Santiago de Compostela.

Décimo segunda. - Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electrónicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo terceira. – Ética empresarial e desenvolvemento sostible

A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA se compromete a seguir, nas súas actuacións e dentro das súas competencias, os principios do Pacto Mundial, e a Política de Desenvolvemento Sostible de Agbar, asumida como propia por VEOLIA, así como respectar os Dereitos Humanos no exercicio da súa actividade, tal como recóllese nos Principios Reitores sobre as empresas e os dereitos humanos das Nacións Unidas. A FUNDACIÓN poderá acceder aos citados principios do Pacto Mundial en <https://www.pactomundial.org/que-puedes-hacer-tu/diez-principios>, á Política de Desenvolvemento Sostible de Agbar en <https://supplierbox.agbar.net/politicas> e aos Principios Reitores en http://www.ohchr.org/Documents/Publications/GuidingPrinciplesBusinessHR_SP.pdf

Así mesmo, a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA se compromete, dentro das competencias que lle sexan propias e no marco legislativo que lle resulte de aplicación, a que a súa actuación realizárase en consonancia cos principios establecidos por VEOLIA e dispoñibles en <https://supplierbox.agbar.net/politicas>

A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA manifesta formalmente que –coñecendo previamente ao outorgamento do presente Convenio o Código Ético de VEOLIA, dispoñible en <https://www.viaqua.gal/etica-e-cumprimento>, no que se agrupan as súas normas de actuación e principios xerais do seu Sistema de Prevención de delitos, dirixido a previr ou reducir significativamente o risco de comisión de delitos e facilitar a súa detección – se compromete, dentro das competencias que lle sexan propias e no marco legislativo que lle resulte de aplicación, ao cumprimento dos valores e principios, atopándose en disposición de aplicalos e que realizará os seus mellores esforzos para iso na súa organización e que se asegurará que o persoal asignado ou relacionado con este convenio acepta o seu cumprimento, sendo coñecedor de que o seu incumprimento poderá comportar a resolución deste Convenio tal e como se recolle na Cláusula sétima do Convenio.

Igualmente, a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA expresa e comunica que aplicará os seus mellores esforzos e adoptará as medidas necesarias para dispoñer de métodos eficaces para a Prevención de Delitos da Persoa Xurídica no ámbito da súa organización de conformidade co art. 31 bis e concordantes do Código penal, tanto neste Convenio como no conxunto as actividades realizadas que teñan relación directa ou indirecta co mesmo.

Durante a vixencia do Convenio, VEOLIA resérvase o dereito de verificar o cumprimento do Código Ético pola FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA e o persoal asignado por este en relación con este Convenio, mediante mecanismos de avaliación internos e/o externos.

O incumprimento da presente cláusula por algunha das partes, dará lugar ao exercicio de cantas accións legais, civís e/o penais, estime pertinentes a outra parte.

Décimo cuarta. Publicidade

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente acordo de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do acordo.

E en proba de conformidade, asínase e rubrica o presente Convenio, no lugar e data do encabezamento.

**Pola Fundación Cidade da Cultura
de Galicia**

**Por VIAQUA Gestión Integral de Aguas
de Galicia, S.A.U**

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Nicolás Esmorís Cendón

**ANEXO I.- CERTIFICADO DE PAGO RELATIVO A CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE _____ E
FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA _____**

D/D^a _____, provista de DNI _____, na súa condición de _____ da
FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, con domicilio social na Cidade da Cultura de Galicia situada
en Santiago de Compostela, Edificio CINC, terceiro andar, Monte Gaiás s/n, código postal 15707 e provisto
de Número de Identificación Fiscal (N.I.F.) G-15721640, conforme aos poderes outorgados ao efecto polo
Padroado da Fundación en data _____.

Certifico

1º) Que esta Fundación foi constituída con data do día 27 de decembro de 1999 e declarada de interese
cultural por Orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia de 11 de
xaneiro de 2000, quedando adscrita ao Protectorado da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e que
se atopa incluída entre as reguladas no artigo 16 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de Réxime Fiscal
das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado .

2º) Que para axudar ao cumprimento dos fins estatutarios desta Fundación, a empresa _____, con
CIF _____ e domiciliada na Rúa _____ (CP _____) de _____ (_____), abonou á
FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA a cantidade de _____ EUROS [_____ euros]
mediante transferencia bancaria realizada o día _____.

3º) Que esta Fundación aplicará a aportación económica ás actividades de promoción da defensa e
conservación do medio ambiente e natureza que programa a Fundación no ano 2026.

4º) Que dita cantidade foi entregada con carácter irrevocable e en concepto de Convenio de Colaboración
empresarial, ao que se refire o artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro.

Todo o cal certifico aos efectos previstos no Título III da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de Réxime Fiscal
das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado.

En Santiago de Compostela, _____,

A _____ da Fundación Cidade da Cultura de Galicia
